

Axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación do SUG cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, para o exercicio 2019 (ED431G)

NOTA INFORMATIVA RELATIVA Ó PROCESO DE AVALIACIÓN

A Orde do 19 de setembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación do Sistema universitario de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 establece no seu artigo 12 "Avaliación e selección", apartado 4 que: "Durante o proceso de avaliación o panel de avaliadores poderá requirir unha sesión presencial coas persoas directoras científicas das unidades e/ou co responsable da universidade solicitante para unha mellor comprensión das propostas presentadas se así se considerase necesario. Para tal fin as persoas responsables poderán ser convocadas á dita sesión coas debidas garantías procedementais"

En virtude desa posibilidade anúnciase que nun principio nos días 25 (tarde) e 26 (mañá) de novembro se desenvolverán as sesións presenciais en Santiago de Compostela. En breves días confirmaranse as datas definitivas que lles serán debidamente comunicadas ás persoas interesadas. Este anuncio faise unicamente para posibilitar que as persoas interesadas podan facer unha reserva provisional de axenda para esas datas.

Santiago de Compostela
O xefe de servizo de Planificación
e Estruturación da Investigación
Faustino Infante Roura

